





FARO DE DOMAIO

Adela Leiro, Mon Daporta
xuño 2022



Distancia: 7 km (ida e volta)

Dificultade: media-baixa



O Faro de Domaio, o cumo máis alto do Morrazo, desde Vigo



Cumes e miradoiros na contorna do Chan da Arquíña

Propoñemos un percorrido por un dos espazos máis senlleiros e coñecidos da península do Morrazo, para gozar das panorámicas que se dominan desde os seus cumes.

A Serra de Domaio esténdese con dirección NE-SO ao longo da península do Morrazo, entre as rías de Vigo e Pontevedra. Son bloques graníticos de mediana altitude levantados a finais do Período Terciario. Os puntos máis altos son o Faro de Domaio con 627 m e o Coto Redondo con 530 m, ambos espléndidos miradoiros sobre as rías de Vigo e Pontevedra.

Na zona hai numerosas mámoas, varias escavadas (Chan de Castiñeiras, Chan da Arquíña, Chan da Armada...).



Miradoiro do Faro de Domaio e ría de Vigo

PERCORRIDO

Saímos desde Domaio, ou desde a autovía do Morrazo na saída a Domaio, en dirección a San Lourenzo, por unha estrada que nos leva á área de lecer do **Chan da Arquiña** e ao miradoiro do **Faro de Domaio**, mais como o noso obxectivo non é so chegar alí senon ver e coñecer algo a contorna, deixamos o coche nun dos aparcadoiros que hai no Chan da Arquiña e botamos a andar. Primeiro achegámonos ao **dolmen** que lle da nome ao lugar, que se atopa no medio dunha plantación de castiñeiros e carballos americanos, que fan unha sombra que é un agasallo en días de calor, e logo saímos na busca do cume do Faro.

Deixamos o recinto da área de lecer, polo paso canadiano, e comezamos a camiñar pola estrada, a uns 200 m, onde fai unha curva á esquerda, hai un carreiro, con bastante pendente, que serve de atallo, polo que chegamos ao pé das antenas que coroan o cume e ao vértice xeodésico, que se atopa enriba dunha estrutura á que se pode subir, con precaución, e paga a pena. Desde alí arriba hai unhas increíbles panorámicas de 360º - cara ao leste, a ponte de Rande e detrás a sucesión de montes ata a Dorsal Galega; cara ao sur, a ría de Vigo e a cidade, e mais alá os montes do Galiñeiro e a Groba, ata Portugal; polo oeste, as Cies, Moaña, Cangas, Ons, o seo de Aldán e Sálvora; e cara ao norte, a Ría de Pontevedra, parte da Ría e a illa da Arousa, e detrás delas os cumes do Barbanza-. Baixamos logo ao **miradoiro** para gozar mellor das panorámicas cara ao sur, que desde este punto non están embazadas polas antenas, e volvemos ao cume para baixar polo atallo da subida para ir á area de lecer, pasar por ela, cruzar a estrada e seguir pola pista que sube case de fronte para irmos a outros miradoiros. Ao pouco atopamos un desvío á dereita, cun indicador de miradoiros, polo que imos ao **Candón Pequeno**, desde o que se repiten as panorámicas cara ao norte, e logo ao **Candón Grande**, desde o que tamén se repiten as panorámicas de cara ao sur. De volta na pista seguímolos camiño do **Coto do Home**, no monte **Xaxán**, onde hai outro grupo de antenas, e polo leste delas un espazo desde o que temos unha panorámica do Seo de San Simón, dos esteiros do Verdugo e o Alvedosa, e dos montes até a Dorsal. Desde aquí volvemos ao punto de partida. Podemos facelo polo mesmo camiño ou por unha pista menos transitada, que vai achegada a linde entre os concellos de Moaña e Vilaboa, e logo segue ata preto dos miradoiros do Candón onde collemos un desvío á dereita que nos sube á pista da ida moi preto do remate da camiñada.



Dolmen de Chan da Arquiña



Desembocadura e esteiro do río Verdugo desde o Coto do Home.



Vista cara a Rande



Cabalos



Lagoa no Coto do Home



Uvas de lagarto (*Sedum*)



Interior do bosque de Chan da Arquiña



Bosque de Chan da Arquiña e cume do Faro de Domaio desde o miradoiro do Candón Pequeno.